
★ BOUCATISE ★

V FESTIVAL BOCATA GOURMET A CORUÑA

BASES	EXPLOTACIÓN
BOUCATISE 2019	SERVIZO DE BAR



Boucatise, V Festival Bocata Gourmet A Coruña 2019

O Consorcio de Turismo e Congresos de A Coruña (en diante, o Consorcio) convoca o “Boucatise, V Festival Bocata Gourmet A Coruña”, que se celebrará os días **30 de novembro a 1 de decembro** no Mercado de San Agustín, de 12 a 17 h., de acordo coas seguintes bases:

PARTICIPANTES

Poderán participar aquelas empresas, asociacións ou entes da provincia de A Coruña, legalmente establecidos, e que pola súa traxectoria profesional e proposta encaixen na temática do Festival, previa inscrición no prazo e forma establecidos nestas Bases.

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

- Todas as empresas, asociacións ou entes solicitantes deberán participar baixo o modelo de **punto de venda de Bebidas**.
- Poderán participar as seguintes tipoloxías de bebidas: **auga, refrescos, cervexas, viño, vermut e coctelería (non combinados/ copas)**.
- Todas as Bebidas deberán ser **produtos/marcas principalmente de orixe galego** e garantir un nivel alto de calidade.
- Deberá **manter a/s mesma/s oferta/s** os 2 días de Festival.
- Deberá existir **variedade nas propostas**. A Organización resérvase o dereito de non aceptar aquelas que considere que non se axustan ás condicións descritas.
- O solicitante comprométese a **respetar os horarios** de montaxe, desmonte e de atención ao público establecidos pola organización.
- O solicitante comprométese a **satisfacer toda a demanda existente** durante o horario establecido polo Festival, así como garantir a calidade de todos os produtos e o mellor servizo ao cliente.
- O solicitante será responsable da **dotación dos materiais** e demais utensilios propios da actividade, non permitíndose o uso de vasos ou recipientes de cristal e optando por materiais desbotables.
- O solicitante estará obrigado a dar un **informe final** do número de bebidas vendidas e colaborar coa enquisa de valoración do Festival.

Todos os solicitantes deberán presentar en tempo e forma a solicitude de participación.

PRAZOS E SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes serán enviadas mediante o correo electrónico a **boucatis@gmail.com** ata o **31 de outubro 2019**.

A solicitude de participación deberá conter:

- Os datos da empresa, asociación ou ente participante.
 - Oferta de bebida detallada (tipo de produto, nome, variedade, ...).
 - Potencia eléctrica necesaria.
 - Prezo/s de venda ao público.
 - Proposta de decoración para o seu espazo de venda.
 - Persoal adicado a cada barra (mínimo 6 persoas para a barra grande e 2 para cada barra complementaria).
 - Rexistro sanitario.
- **Co fin de buscar variedade na oferta o Consorcio resérvase o dereito de rexeitar ou solicitar novas propostas.**
 - **A inscrición será gratuíta. A Organización resérvase o dereito sen custo de 125 consumicións para os dous días do Festival.**
 - A presentación da devandita solicitude non implica a aceptación de participación. Todas as solicitudes serán valoradas pola Organización, asignando a xestión da barra de bebidas a aquela proposta que mellor se adapten aos estándares de calidade e á filosofía do Festival.

PUNTOS DE VENDA E INSTALACIÓNS

Establécese 1 barra principal (10 m.) e 2 barras menores complementarias (4 m.) A ocupación das mesmas corresponderá de maneira exclusiva á decisión da Organización.

Características dos puntos de venda e medios facilitados pola Organización:

- Espazo de venda
- Espazo de apoio
- Rotulación/Carteis con listado de prezos
- Iluminación
- Acceso a zona de fregadeiro
- Toma eléctrica

O seleccionado será responsable das necesidades materiais (neveiras e outras necesidades técnicas), persoal de atención e de produto para a preparación e venda da súa oferta de bebidas.

NORMAS DE VENDA, HIXIENE E CONSUMO

- O solicitante deberá ter como mínimo **1 oferta de Bebida por cada tipoloxía** (cervexa, auga e viño tinto/branco).
- Salvo aprobación contraria por parte da Organización, establécese para as bebidas os seguintes **prezos máximos**: cervexa, 2€; auga, 1€; viño, 2,5 €; refrescos, 2€; vermú, 2,50€; coctelería (non combinados/copas), 4€ (IVE incluído), debendo ter visible a lista de prezos.
- O solicitante deberá contar con **persoal suficiente** para a atención ao público durante todo o horario do Festival. O Consorcio resérvase o dereito de esixir un reforzo de persoal si considera insuficiente a proposta.
- O persoal irá uniformado según indicacións da organización, facilitando esta o atrezzo do vestuario.
- O solicitante será **responsable e beneficiario da súa propia recadación**, facilitando os tickets de venda correspondentes aos clientes.
- Queda expresamente prohibido a venda de calquera outro produto que non estea autorizado pola organización ou directamente relacionado co Festival.
- Permanecerán expostas as seguintes lendas: “Prohibición de venda de alcohol a menores de 18 anos” e “O establecemento dispón de folhas de reclamacións a disposición do usuario”.
- Independentemente do servizo de limpeza disposto pola Organización, o solicitante deberá manter limpas as barras e o entorno das mesmas durante a celebración do Festival.
- Os residuos derivados do servizo de bebidas serán responsabilidade o solicitante, dotando as barras de cubos de recollida específicos para o vidro e trasladando os devanditos residuos ao punto limpo designado pola organización.
- O remate do Festival deberá deixar o posto nas mesmas condicións nas que se lle entregou.
- Todas as bebidas deberán ser servidas en vasos ecolóxicos e respetuosos co medio ambiente

DECORACIÓN

- O mobiliario e medios materiais facilitados por parte da Organización será uniforme e acorde coa estética do Festival, cuxa filosofía estará baseada no estilo “cool” e “gourmet street food”.
- Toda decoración adicional deberá seguir a filosofía do Festival e ser aprobada pola Organización.
- Será **imprescindible para a participación a explicación en detalle da ocupación do punto de venda coa ficha de inscrición nas datas establecidas na convocatoria**.
- Queda terminantemente prohibida a exhibición de publicidade de marcas comerciais sen autorización expresa da Organización.

NORMAS LABORAIS

Todos os traballadores que presten servizos nos puntos de venda deberán estar dados de alta na Seguridade Social e ter formalizado o correspondente contrato laboral. Así mesmo deberá cumprirse a normativa de prevención de riscos laborais.

MONTAXE E DESMONTE

O seleccionado deberá **respectar e suxeitarse aos horarios** de montaxe e desmorte indicados pola Organización:

Montaxe: A montaxe da infraestrutura aportada polo solicitante (maquinaria hostelería, mobiliario, decoración, produto) realizárase o venres 29 de novembro entre as 16:00 e as 20:00 horas. O sábado 30 de novembro poderase acceder ao espazo a partir das 09:00 horas. Ás 12:00 horas o servizo de bar de debe estar en perfecto funcionamento.

Desmorte: o desmorte e recolleita de material realizárase o domingo 1 de decembro ao finalizar o evento, de 17:00 a 21:00 horas.

SEGURIDADE

O solicitante será responsable dos seus enseres. A Organización non se responsabiliza de roubos, perdas ou danos durante a celebración do Festival, desde a montaxe ata o desmorte. A vixilancia nocturna queda garantida pola pechadura do mercado á hora pactada, debendo o solicitante durante as horas de pechadura e fóra do horario do Festival e/ou trasladar ao almacén designado pola Organización aquilo que considere oportuno.

As empresas/asociacións/entes que incumplan algunha destas Bases non serán admitidos en posibles próximas edicións do Festival, nin poderán participar en accións similares no futuro salvo decisión contraria do Consorcio.

A participación neste Festival, implica a aceptación das presentes Bases.

A Coruña, 14 de outubro de 2019

En virtude do disposto na normativa de protección de datos, e en especial no Regulamento (UE) 2016/679 (RGPD, informámoslle que ud. proporcióne nos para a participación nesta promoción, serán tratados baixo a responsabilidade do Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña, con domicilio na C/Sol s/n 15003 da Coruña, coa finalidade de Xestionar os eventos e promocións organizados polo Consorcio, estando lexitimada para o devandito tratamento polo consentimento outorgado ao aceptar as bases da presente promoción.

Os seus datos non serán cedidos a terceiros, salvo a posible publicación nos medios de comunicación, redes sociais ou na páxina web. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante un prazo de prescrición das responsabilidades derivadas do tratamento.

Mediante a aceptación das bases e o enchemento do formulario de participación, vostede consente expresamente o citado tratamento para os efectos de cumprir coa descrita finalidade do mesmo e terá o dereito para retirar devandito consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos.

Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida á seguinte dirección: Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña, con referencia "protección de datos", a través dun escrito asinado para o efecto achegando unha fotocopia do seu DNI. Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN

Boucatise, V Festival Bocata Gourmet A Coruña 2019

DATOS DO SOLICITANTE

NOME EMPRESA/ASOCIACIÓN/ENTE

DIRECCIÓN

PERSOA DE CONTACTO

(Nome e Apelidos)

CIF-NIF

TELÉFONO DE CONTACTO

E-MAIL

PÁXINA WEB

FACEBOOK/TWITTER/INSTAGRAM

DATOS OFERTA DE BEBIDA DETALLADA

TIPO DE BEBIDA

MARCA

PREZO

MEDIOS TÉCNICOS A EMPREGAR*

BARRA

INFRAESTRUCTURA

CANTIDADE

POTENCIA

(*) A Organización resérvase o dereito de confirmar a dispoñibilidade da potencia solicitada

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

Boucatise, V Festival Bocata Gourmet A Coruña 2019

PROPOSTA DE DECORACIÓN ADICIONAL PARA AS BARRAS

(a acordar coa Organización)

PERSOAL ADICADO A CADA BARRA

BARRA PRINCIPAL (MÍNIMO 6)

BARRA COMPLEMENTARIA 1 (MÍNIMO 2)

BARRA COMPLEMENTARIA 2 (MÍNIMO 2)



SOLICITO

Participar no V FESTIVAL BOCADILLO GOURMET A Coruña 2019 e DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE:

- Cumpro con todos os requisitos técnicos e administrativos exhibibles establecidos na normativa vigente para executar os servizos indicados nas presentes bases.
- Que o solicitante non ten débedas pendentes coa Seguridade Social nin coa Axencia Tributaria.
- Que se dispón de toda a documentación que así o acredita, sendo esta proporcionada á Organización cando así o requira.
- Que son certos e comprobables os datos que consigna na presente solicitude.
- Que, en caso de ser seleccionado, asumo o contido nas bases, cumprindo o alí establecido, así como as instrucións que a Organización establece durante o desenvolvemento do Festival.

Coa firma da presente solicitude confirmo que lin, comprendido e aceptado as bases reguladoras para a participación do "Boucatise, V Festival Bocadillo Gourmet A Coruña".

Data: / /2019

Selo e firma

Enviar cumprimentado por correo electrónico xunto con:

- copia do rexistro sanitario a boucatise@gmail.com

Antes do 31 de outubro de 2019.

Oficina técnica SINGULAE · Teléfono 610 189 724 · Mail boucatise@gmail.com

En virtude do disposto na normativa de protección de datos, e en especial no Regulamento (UE) 2016/679 (RGPD, informámoslle que ud. proporciónenos para a participación nesta promoción, serán tratados baixo a responsabilidade do Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña, con domicilio na C/Sol s/n 15003 da Coruña, coa finalidade de Xestionar os eventos e promocións organizados polo Consorcio, estando lexitimada para o devandito tratamento polo consentimento outorgado ao aceptar as bases da presente promoción.

Os seus datos non serán cedidos a terceiros, salvo a posible publicación nos medios de comunicación, redes sociais ou na páxina web. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante un prazo de prescrición das responsabilidades derivadas do tratamento.

Mediante a aceptación das bases e o enchemento do formulario de participación, vostede consente expresamente o citado tratamento para os efectos de cumprir coa descrita finalidade do mesmo e terá o dereito para retirar devandito consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos.

Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida á seguinte dirección: Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña, con referénciaa "protección de datos", a través dun escrito asinado para o efecto achegando unha fotocopia do seu DNI. Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).